DEC 2024
N.º 10
Actualidade
EN Ca Miño
www.concellodemino.gal
Depósito legal: C1771-2020

M. AMBIENTE
A praia da Ribeira recuperou a Bandeira Azul Páx. 8

FESTAS
Gran asistencia á XXIII Feira da Cebola Chata Páx. 12-13

SERVIZOS SOCIAIS
Miño crea un novo servizo de atención temperá Páx. 15

ENTREVISTA
Ramón Castillos, da A.V. de Santa María de Castro Páx. 23

Remata a transformación do espazo dunar da Praia Grande

As actuacións, cun investimento de 1,4 millóns de euros do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, remataron o 2 de xullo, xusto para o verán. Incluíron a integración do antigo campo de fútbol na marisma, unha nova pasarela accesible e a eliminación de plantas invasoras. O alcalde destacou a relevancia ambiental e turística da obra, cumprindo os prazos previstos. Veciños, turistas e autoridades, como a subdelegada do Goberno, eloxiaron o "excelente resultado" deste espazo dunar renovado.

Páx. 5

Imaxe do resultado da obra de recuperación do espazo dunar da Praia Grande de Miño.

A boa xestión permite reducir a débeda en 700.000 euros

A Conta Xeral do ano 2023 volveu demostrar que unha xestión rigorosa fan que un municipio avance con seguridade. A débeda volveu reducirse en preto de 700.000 euros e o remanente de tesourería incrementouse lixeiramente. Páx. 2

O Concello inviste un millón de euros entre todas as parroquias

O goberno local está a desenvolver un plan de investimentos por valor de máis dun millón de euros. Os investimentos divídense en cinco bloques: melloras en parques infantís, obras en vías, reparacións, melloras en rúas e outros. Páx. 6

O Concello continúa reducindo a súa débeda

A boa xestión económica permitiu pechar as contas de 2023 con 691.421 euros menos de débeda

Fachada do Concello de Miño.

O Concello de Miño volve demostrar que unha xestión rigorosa e planificada é clave para mellorar as súas contas. O exercicio 2023 pechouse cunha nova redución da débeda municipal, que descendeu en 691.421 euros, situándose en 19,4 millóns de euros. Este descenso consolida a tendencia positiva que o goberno local, liderado por Manuel Vázquez Faraldo, vén mantendo nos últimos anos grazas a unha administración sensata, realista e comprometida cos intereses de veciños e veciñas.

Ademais, o remanente líquido de tesourería incrementouse lixeiramente ata alcanzar os 1.488.050 euros, fronte aos 1.469.104 euros rexistrados en 2022. Este aumento, aínda que moderado, ofrece ao Concello unha maior marxe de manobra para realizar investimentos e mellorar os servizos públicos sen comprometer a estabilidade financeira. "A tendencia positiva do remanente dálle ao Concello a seguridade necesaria para afrontar os pagos da débeda e seguir acometendo proxectos e obras de interese para a cidadanía", declarou o alcalde.

O rexedor salientou tamén que a mellora das contas municipais é froito dunha visión a medio e longo prazo. "A nosa prioridade é asentar unhas bases sólidas que permitan avanzar cara ao Miño que todas e todos queremos, garantindo a estabilidade e o progreso do noso municipio", destacou Vázquez Faraldo. Este compromiso coa boa xestión vólvese aínda máis relevante no contexto actual, onde as regras fiscais suspendidas durante a pandemia volverán aplicarse a partir de 2024.

Estas normas, que inclúen a estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e os límites de endebedamento, supoñen un desafío adicional para os gobernos locais. No entanto, Miño afronta este novo escenario cunha posición fortalecida grazas á prudencia económica dos últimos anos. Esta planificación responsable non só permitiu reducir a débeda, senón tamén manter e ampliar servizos municipais esenciais, beneficiando directamente á veciñanza.

O alcalde quixo remarcar que, aínda que os avances son notables, non se poden relaxar os esforzos. "Seguir traballando cunha estratexia clara e un uso eficiente dos recursos públicos é fundamental para que Miño continúe avanzando. Temos a responsabilidade de garantir un futuro próspero e estable para o noso municipio".

As sentenzas de Costa Miño, un revés que segue a condicionar a economía municipal

Porén, a situación económica continúa a ser certamente delicada no Concello. O pasado mes de setembro, o Concello de Miño viuse obrigado a solicitar un préstamo dun millón de euros ao Ministerio de Facenda para facer fronte ás últimas sentenzas derivadas do proceso urbanístico de Costa Miño. Estas decisións xudiciais obrigan o Concello a pagar preto dun millón de euros, entre principal e xuros, en concepto de prezo xusto a diversas persoas expropiadas.

O alcalde lamentou profundamente que este tipo de situacións herdadas sigan lastrando a tesourería municipal. "Non é unha situación que buscásemos nin xerásemos, pero é a nosa responsabilidade atopar solucións. Este préstamo é unha medida necesaria para protexer os recursos públicos e cumprir coas nosas obrigas tanto coas persoas expropiadas como cos veciños e veciñas de Miño", sinalou no pleno extraordinario do 19 de setembro.

Ademais, Faraldo agradeceu ao Ministerio de Facenda a posibilidade de acceder a este tipo de financiamento en condicións máis vantaxosas que as ofrecidas polas entidades financeiras. O rexedor comprometeuse a que esta nova carga financeira non afectará á calidade dos servizos públicos nin aos investimentos en curso. Porén, advertiu que aínda quedan pendentes novas sentenzas relativas a outras quince parcelas, cuxo custo podería igualar esta cifra, representando un desafío importante para o Concello nos próximos anos a nivel financeiro.

A reforma da praza da Fonte, o principal proxecto municipal no POS da Deputación

O goberno local decidiu destinar 550.076,67 euros do Plan Único provincial a sufragar gasto corrente e á reforma da praza da Fonte

O Concello de Miño destinou 158.588,45 euros á reforma e acondicionamento da Praza da Fonte, unha das actuacións máis destacadas incluídas no Plan Complementario Provincial da Deputación da Coruña para o ano 2024. Este proxecto busca mellorar un espazo moi transitado do municipio, reforzando a súa funcionalidade e atractivo para a veciñanza.

Este investimento en infraestruturas forma parte do financiamento recibido polo Concello a través do Plan Único 2024, que achega un total de 550.076,67 euros. Ademais do proxecto da Praza da Fonte, o Plan permitiu destinar importantes recursos ao reforzo dos servizos sociais e ao financiamento de gasto corrente municipal.

En concreto, o Concello adicou 54.265,69 euros do Plan Único Adicional a atender necesidades extraordinarias na área social. Deste importe, o 60 % utilizouse para ampliar o persoal técnico e administrativo dos servizos sociais municipais, co obxectivo de axilizar a atención ás persoas usuarias. O restante empregouse en medidas extraordinarias, adquisición de equipamento técnico asistencial para persoas en situación de necesidade e material para desenvolver programas sociais.

Manuel Vázquez Faraldo: "O Plan Único supón unha gran axuda para o funcionamento normal do Concello.

Por outro lado, os 337.222,53 euros restantes destináronse integramente a sufragar gasto corrente, aliviando as finanzas municipais. Faraldo destacou a importancia deste programa provincial, sinalando que "permite crear ou mellorar infraestruturas segundo as necesidades locais, ademais de apoiar o funcionamento diario do Concello, especialmente fronte á pesada débeda herdada que segue sendo un gran desafío".

Alumnado do obradoiro realizando unha actuación.

O taller 'Ártabro Emprende IV' forma 20 alumnos e alumnas

No mes de novembro do ano pasado deu comezo o obradoiro de emprego 'Ártabro Emprende IV', que formou en Miño a 20 persoas nos módulos de 'Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes' (10 persoas) e de 'Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes' (outras 10 persoas), impartidas por catro docentes.

Esta iniciativa, que se leva a cabo conxuntamente cos concellos de Pontedeume e Cabanas, redundou moi positivamente no conxunto da veciñanza, pois o alumnado realizou diversas tarefas en Miño, como o axardinamento da rúa Raxel, o acondicionamento da contorna da Galea ou oa roza e corta na Fraga do Xarío.

Ademais, o Concello ofrece unhas axudas de ata 1.500 euros por traballador/a beneficiado/a a aquelas empresas que contraten a persoas formadas no obradoiro, cun máximo de 12.000 euros destinados a estas subvencións para a súa inserción laboral tras rematar o seu período de aprendizaxe.

Os emprendedores xa traballan no ‘coworking’ da Casa do Pescador

As primeiras reservas deste espazo de traballo, rehabilitado grazas a unha subvención do GALP Golfo Ártabro Norte, chegaron en xullo

Visita do alcalde aos primeiros emprendedores do coworking.

Os espazos de traballo do coworking da Casa do Pescador de Miño recibiron en xullo os seus primeiros emprendedores e emprendedoras que se apoian neste espazo para comezar os seus proxectos empresariais. Coas primeiras reservas botou a andar unha iniciativa que busca impulsar as actividades de novas empresas ou persoas autónomas no municipio.

Esta aula dispón de todo o equipamento necesario para que novos negocios dean os seus primeiros pasos. Ademais, tamén é un espazo ideal para persoas que non desenvolvan unha actividade empresarial pero necesiten un espazo de forma puntual para traballar.

Este espazo rehabilitouse grazas a unha subvención do GALP Golfo Ártabro Norte e posta en marcha grazas a fondos da Deputación da Coruña, que financiará o gasto corrente derivado da actividade.

O alcalde afirmou que “a Casa do Pescador ofrece un espazo idóneo e totalmente equipado para quen queira emprender, de xeito autónomo ou creando unha nova empresa e que supón a iniciativa de fomento do emprego máis potente impulsada polo Concello nos últimos anos”. Ademais, este espazo conta agora cunha nova xerencia que se encarga do día a día das instalacións.

Reserva este espazo

As persoas interesadas en acceder a este recurso deberán facelo a través da web www.coworkingmino.com/. Alí atoparán as instrucións deste espazo e o impreso de solicitude necesario para a reserva, que se fará a través da sede electrónica. Tamén poden solicitar máis información nos teléfonos 981 782 659 ou 981 784 405.

Atención ás demandas da Confraría de Miño

Reunión coa Confraría.

O alcalde e a deputada de Mar e Medio Rural da Deputación da Coruña, Cristina Capelán, reuníronse en abril co patrón maior da Confraría de Pescadores de Miño, José Antonio Anido, e membros da directiva deste colectivo tan importante en Miño.

O obxecto da reunión foi explicar as novas liñas de subvencións e interesarse pola situación que atravesa o sector pesqueiro e marisqueiro no municipio e das problemáticas concretas que lles afectan.

A deputada agradeceu o interese do alcalde e o patrón maior e comprometeuse a estudar algunhas das propostas formuladas desde a Confraría para as convocatorias dos próximos anos.

O Concello forma unha ducia de socorristas

O Concello de Miño acolleu nos meses de marzo e abril un curso de socorrismo organizado polo Concello e a Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia. Nel, unha ducia de mozos de Miño e outras localidades recibiron nocións de salvamento; e varios deles traballaron nas praias garantindo a seguridade da veciñanza.

Grupo dos socorristas formados en Miño.

A Praia Grande recupera o seu esplendor

Esta actuación, financiada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, supuxo un investimento de 1.375.028,27 euros

Un dos novos accesos á Praia Grande.

As obras de rexeneración do espazo dunar da Praia Grande de Miño chegaron ao seu fin xusto a tempo para a tempada de verán. Á inauguración destes traballos, que remataron concretamente o 2 de xullo, asistiron a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas; o xefe da Demarcación de Costas, Carlos Gil; e o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, que se desprazaron ata o areal para comprobar de primeira man “un excelente resultado”, afirmou o rexedor.

Esta actuación, financiada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, supuxo un investimento de 1.375.028,27 euros e perseguía varios obxectivos: a integración do terreo do antigo campo de fútbol na marisma; a substitución da antiga pasarela por unha a nivel do chan dun material acorde co espazo; a instalación dun novo itinerario accesible cara ao posto de socorrismo e a eliminación das plantas invasoras. Ademais, repoboáronse as dunas con vexetación propia. Estas plantas contan cunhas longas raíces que axudan a que se manteñan as dunas, por iso é crucial non pisalas para non volver destruír o ecosistema. Para iso, o Concello colocou paneis informativos nos accesos.

Outro punto importante é que se cumpriron os prazos previstos na execución da obra, o que permitiu tanto aos veciños e veciñas de Miño como aos miles de turistas que visitan o concello cada verán gozar deste espazo durante todo o período estival. Ademais, tanto residentes como visitantes mostráronse satisfeitos co resultado da obra.

O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, agradeceu ao Goberno de España “por manter ou seu compromiso con Miño e chegar a tempo para a tempada de verán”, á vez que incidiu na “importancia que ten esta recuperación ambiental para o espazo dunar e a marisma, tanto a nivel de conservación e coidado ambiental como para o uso e desfrute do areal por parte de veciñanza e turistas”.

O Concello inviste máis de 90.000 euros en diferentes actuacións na praia de Marín

A praia de Marín cambiou totalmente de aspecto este verán grazas a unha actuación municipal. Cun investimento de 90.700 euros, instalouse unha nova plataforma de madeira e melloráronse os servizos. Ademais, tamén se acondicionou o camiño de acceso, elimináronse especies invasoras e canalizáronse os servizos de auga e electricidade.

Máis seguridade para a comunidade educativa coas novas beirarrúas para a rúa Marismas

Este proxecto será o primeiro do plan do goberno local para a mellora de beirarrúas no núcleo urbano

Estado actual da zona.

Nos meses da primavera está previsto que comecen os traballos do plan de renovación das beirarrúas do núcleo urbano, un proxecto destinado a mellorar a accesibilidade, a seguridade e a estética das principais rúas da vila. A primeira intervención, cun orzamento que supera os 240.000 euros, levarase a cabo na rúa Marismas, fronte ao CPI Castro Baxoi. En fases posteriores, a intención do goberno local, segundo a dispoñibilidade orzamentaria, é continuar noutras vías como a estrada da Praia e as rúas Cobo e Loios.

Ademais, naquelas zonas onde sexa posible, as beirarrúas ampliaranse para proporcionar un maior espazo aos peóns. Unha das principais novidades que incorpora este plan é a instalación dun pavimento continuo, que resolverá os problemas de baldosas rotas ou despregadas.

No caso da rúa Marismas, respóndese así a unha das demandas da comunidade escolar, que transita a diario por unhas beirarrúas en malas condicións xa que presentaban numerosas deficiencias. Tamén inclúe melloras na iluminación pública e a adecuación das zonas de paso para facelas máis accesibles a persoas con mobilidade reducida.

Renovación de máis de 5 quilómetros da rede viaria

A mellora das estradas e dos camiños que conforman a rede viaria municipal é un dos traballos constantes que se leva a cabo desde a administración local. O próximo paquete de actuacións, valorado en 371.000 euros, permitirá chegar a todas as parroquias.

Os traballos permitirán renovar máis de 5 quilómetros de tramos viarios actualmente en mal estado.

Espazos máis seguros e modernos en cinco parques

Parque da rúa Aveás.

O Concello ten previsto investir preto de 100.000 euros para realizar obras de mellora en 5 parques infantís, co obxectivo de ofrecer espazos seguros e modernos para o desfrute dos máis pequenos e das súas familias. Concretamente, actuarase no da escola unitaria de Bemantes coa renovación dos xogos, cun investimento de 30.684,67 euros; no de Callobre, cun orzamento de 28.421,10 euros para substituír o valado e os xogos; o dos Abellós no que se cambiará o pavimento actual de grava por un de caucho, con 19.367,39 euros; e por último renovarase o valado dos parques da rúa Aveás, con 10.052,37 euros, e o de Telle, con 5.727,83 euros.

Novo espazo para o ciclismo co circuíto de pump track

Esta infraestrutura forma parte da área deportiva da Galea e contou cun orzamento de 100.000 euros

Vista aérea do circuíto.

A comunidade ciclista de Miño conta desde o verán cun novo circuíto de pump track. O goberno local respondeu así á necesidade de poder contar cun espazo destas características para ser usado, especialmente, coa BMX ou co monopatín.

Esta actuación levouse a cabo cun investimento de preto de 100.000 euros, financiados ao 50 % entre o Concello e a Xunta de Galicia. No mes de agosto, Manuel Vázquez Faraldo acompañou a delegada da administración autonómica na Coruña para comprobar o resultado dos traballos.

CURVAS E DIVERSIÓN

O trazado do pump track consiste nun pequeno circuíto formado por curvas estreitas e un itinerario con diferentes alturas. Nel poden divertirse as persoas afeccionadas aos deportes de inercia, como a BMX, mountain bike ou a patinaxe.

Esta nova infraestrutura permitiu ampliar os servizos que ofrecen as pistas da Galea aos amantes do deporte, xa que se construíu nunha parcela que anteriormente non tiña ningún uso. Ademais, aproveitouse a obra para instalar mobiliario urbano como bancos, aparcabicicletas e papeleiras na contorna do circuíto.

Clase para inaugurar o circuíto.

Reparación do socavón na Rúa


Obras no socavón.

O Concello rematou os traballos para reparar o afundimento producido na Rúa, na estrada de baixada á praia da Ribeira.

Nova vida para o lavadoiro de Barbeita

Despois de moitas xestións, o Concello levou a cabo a reforma integral do lavadoiro de Barbeita, situado na parroquia de Callobre.

Tal e como se pode ver nas imaxes, os traballos implicaron unha rehabilitación completa desta infraestrutura, tanto dos elementos exteriores como da pía e a zona de lavado.

O goberno local valora a importancia deste tipo de actuacións xa que, aínda que non son de gran magnitude, permiten á veciñanza contar con infraestruturas máis útiles, permiten manter en boas condicións elementos que forman parte do patrimonio material e das tradicións da parroquia en particular e do municipio en xeral.

Antes.

Despois.

A praia da Ribeira recupera a Bandeira Azul e Miño volve ter dous areais con selo de calidade

Súmase ao areal de Perbes-Andahío, que volveu contar un ano máis con este distintivo

A praia da Ribeira, tamén coñecida como Praia Pequena, recuperou este ano o selo de calidade Bandeira Azul, que outorga a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC).

Deste xeito, sumouse ao areal de Perbes–Andahío, polo que Miño volveu contar este verán con dúas praias recoñecidas con este distintivo. A Ribeira recupera así un recoñecemento que non obtiña desde o ano 2017.

Con todo, cabe destacar que os máis de 7 quilómetros de costa de Miño ofrecen fermosas praias, ben cara á ría de Betanzos ou cara ao Atlántico.

Todas elas gozan dunha calidade excepcional, nas que o goberno local traballa para facer dos areais do municipio un lugar atractivo para residentes e persoas visitantes, mentres se respecta, en todo momento, o medio ambiente e a contorna natural e se combina coa prestación de servizos.

Ademais, o Concello continúa traballando para recuperar tamén este distintivo na Praia Grande, dando pasos cara adiante como a obtención dunha calificación "excelente " na calidade da auga, un dos requisitos esixidos.

Acto de recepción da Bandeira Azul 2024.

O pleno da Deputación aproba a senda dende Ponte do Porco ata Ponte do Lambre

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o orzamento para levar a cabo proximamente as obras de mellora da seguridade viaria no tramo do Camiño Inglés, que vai desde a Ponte do Porco ata a ponte medieval do Lambre, en Paderne.

O proxecto inclúe a construción dunha senda peonil de 1,3 km de lonxitude, así como a ampliación e acondicionamento da plataforma da estrada, que pasará de catro metros a seis metros de ancho.

O plan tamén recolle a pavimentación da vía, dotación de beirarrúas en ambas as marxes, instalación de novas redes de drenaxe para a recollida, canalización e evacuación de auga e a mellora e renovación da sinalización, establecendo novas marcas viarias e sinalización vertical.

Ponte do Porco.

Luz verde ao Plan de Prevención e Defensa contra incendios forestais

O risco de lume é moderado.

O goberno local aprobou en pleno o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, un documento clave para a protección da contorna natural e a prevención de incendios no municipio.

Esta folla de ruta contempla accións como a creación de zonas estratéxicas de xestión de biomasa en áreas de alto risco e nas contornas das poboacións, así como tamén establece que o risco potencial de incendios no municipio é moderado.

A Primeira Senda Ecoturística, en Miño

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas financia a actuación, dentro do seu plan de Sustentabilidade do Produto Turístico

O Concello de Miño poderá presumir proximamente de ter a súa primeira Senda Ecoturística, unha ruta que nace coa vocación de ser exemplo para vindeiras iniciativas, combinando a mellora ambiental co uso veciñal.

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas será a entidade encargada de financiar esta actuación, dentro do seu plan de Sustentabilidade do Produto Turístico.

Esta iniciativa ten o obxectivo de recuperar unha antiga senda costeira en Miño, entre Ponte do Porco e a Senda dos Sentidos.

Trátase dunha intervención deseñada en conxunto coa Reserva, para reimpulsar un sendeiro en desuso e que sirva como proxecto piloto para futuras iniciativas similares.

Plano en detalle do proxecto da Senda Ecoturística.

Imaxe aérea de Ponte do Porco, onde se proxecta a senda ecoturística da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

Recoñecemento para a obra da Senda e Fraga do Xarío

A obra de restauración da Senda e Fraga do Xarío foi unha das 30 actuacións seleccionadas polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a mostra 'Nova Arquitectura Galega 2024', unha exposición que simboliza unha nova xeración de arquitectos e obras que definirán os trazos da arquitectura galega do futuro.

O reto da proposta na Senda e Fraga do Xarío miñense consistiu na mellora das condicións ambientais, combinando os usos culturais e a mellora da biodiversidade; unha simbiose lograda polos arquitectos e paisaxistas Nuria Freire González e Camilo Blanco Pampín.

Este proxecto intégrase na estratexia do goberno local de dotar o municipio de infraestruturas verdes, colocándoas como atractivo turístico e medioambiental.

Ademais, en marzo deste ano, este enclave natural, así como a Senda dos Sentidos, obtiveron o recoñecemento de 'Sendeiro Azul' pola ADEAC.

Senda e Fraga do Xarío.

Éxito da X Feira de Antigüidades, Coleccionismo e Vintage de Miño

Participaron 28 expositores chegados desde toda Galicia, Asturias, País Vasco, León e Portugal

A X Feira de Antigüidades, Coleccionismo e Vintage, organizada pola Asociación Ferro Vello, en colaboración co Concello, volveu ser todo un éxito de participación.

O evento, que tivo lugar na praza de Rabazal, contou con dúas xornadas (17 e 18 de agosto) onde as persoas asistentes puideron atopar diversos postos de mobles, discos, arte sacro, porcelana, libros e bixutería antiga.

Ademais, esta cita consolídase como unha das máis relevantes no ámbito do coleccionismo e antigüidades na rexión, congregando cada ano a centos de visitantes.

Presentación da X Feira de Antigüidades.

X Feira de Antigüidades, Coleccionismo e Vintage.

A veciñanza coñeceu a histórica vila de Allariz

Imaxe da viaxe a Allariz.

A veciñanza de máis de 55 anos, empadroados no municipio, puideron explorar e coñecer a rica historia da encantadora vila de Allariz, na provincia de Ourense, e vivir unha xornada de turismo e convivencia.

A iniciativa busca non só fomentar a socialización entre as persoas maiores, senón tamén promover o seu benestar a través de actividades que combinan ocio e cultura.

Miño subiuse ao autobús do teatro

Foto na porta do teatro.

No pasado mes de outubro, varias veciñas e veciños de Miño subiron ao autobús do teatro para gozar da función do CDG - Salón Teatro "Terceiro Acto" na cidade de Santiago de Compostela, actividade dentro do seu programa de mobilidade.

Medio cento de miñenses desfrutaron dun día de verán diferente no Aquapark de Cerceda

Foto familia no Aquapark de Cerceda.

Preto de 50 veciños e veciñas miñenses desprazáronse este verán ata Cerceda para desfrutar dunha xornada no Aquapark.

A iniciativa, levada a cabo polo departamento de Deportes do Concello, achegou a este grupo, conformado por persoas de todas as idades, a pasar un divertido día no parque.

O ximnasio do Club Náutico, máis moderno e funcional coa incorporación de novas máquinas

A adquisición dos diferentes aparellos supuxo un investimento de máis de 36.000 euros

O ximnasio do Club Náutico conta cun equipamento moderno e de calidade grazas ao investimento de 36.142,70 euros realizado polo Concello para dotar de novas máquinas a este espazo, que ten recibido unha boa suma de investimentos nos últimos anos.

Este proxecto forma parte do plan municipal para seguir fomentando a actividade física e o benestar entre os veciños e veciñas do municipio. Manuel Vázquez Faraldo explicou que "o Club Náutico é un espazo emblemático para Miño e, coa incorporación deste equipamento, non só melloramos a súa funcionalidade senón que tamén damos resposta á crecente demanda dos usuarios e usuarias da vila e dos membros do club de contar cun ximnasio ben equipado, con elementos de de última xeración".


Novas máquinas.

A maquinaria que se instalou permite realizar todo tipo de exercicios físicos, tanto actividades cardiovasculares como de musculación. Ademais, tamén se aproveitou para instalar un sistema de calefacción por aerotermia, logrando así unha maior eficiencia no consumo e un menor gasto económico.

Faraldo salienta o compromiso do Concello co deporte, destacando que "seguimos traballando para que Miño sexa un referente".

'Xuventude en Camiño', o novo programa de ocio destinado á mocidade de entre 12 e 17 anos

Unha xornada de saltos e acrobacias foi a actividade que deu comezo ao novo programa de ocio xuvenil 'Xuventude en Camiño', unha iniciativa que se estenderá de novembro a maio cunha oferta variada de accións destinadas á mocidade de entre 12 e 17 anos.

A visita a un centro especializado en saltos e acrobacias deu inicio ao programa e, en decembro, a oferta continúa cunha xornada de patinaxe sobre xeo. Coa chegada do mes de xaneiro, os rapaces e rapazas poderán desfrutar dunha experiencia na neve xa que se organizará unha saída para esquiar nas estacións de Leitariegos ou Manzaneda. En febreiro a proposta será unha partida de láser tag e marzo traerá consigo a visita a un parque multiaventura. En abril poderán desfrutar dunha xornada de rafting e concluirá en maio cunha iniciación ao surf onde se poderán aprender as técnicas básicas do deporte.

Foto dos participantes na xornada de saltos e acrobacias.

Ampla oferta de actividades municipais culturais e deportivas

Ano tras ano o Concello lanza unha ampla e variada oferta de actividades culturais e deportivas para o curso. A programación inclúe diversas propostas deportivas como fútbol sala, tenis, baloncesto, natación, ximnasia rítmica, pickelball, ou biciescola btt. Completan esta oferta deportiva cursos de ioga, pilates e zumba.

Tamén hai obradoiros culturais como o taller de memoria, o club de lectura EnCamiño, o laboratorio teatral, encaixe de palillos, mestras da costura, escola canina, bailes latinos e salón ou novidades como Lembrando Miño.

A Feira da Cebola Chata vence e convence por XXIII ocasión

Milleiros de persoas pasaron por Miño o 4 de agosto para desfrutar do sabor único e inconfundible do produto estrela da gastronomía miñense.

A XXIII Edición da Feira da Cebola Chata de Miño foi, como non podía ser doutro xeito, un éxito rotundo. Milleiros de persoas congregáronse nas pistas de Rabazal para pasar unha xornada de homenaxe ao produto máis importante da gastronomía de Miño.

A actividade non parou en toda a mañá: houbo o tradicional mercado de artesanía, visitas guiadas ou un espazo especial dedicado ao Entroido de Samede do concello de Paderne.

Durante todo o día celebráronse obradoiros de enristrado e cestería e paseou polas pistas un "photocall ceboleiro", que foi toda unha sensación.

Música, pasarrúas e, como non, degustacións, puxeron o broche de ouro a unha xornada marcada no calendario festivo de toda a comarca, convertendo a Miño en todo un referente de turismo gastronómico.

Deste xeito, o Concello continúa promocionando o alimento máis identificativo de Miño, que está cada vez máis presente en pratos e menús de casas e restaurantes de toda a comarca.

Miño clama á Xunta por unha educación pública digna e de calidade

As melloras solicitadas seguen sen chegar e a situación nas aulas xa é crítica

Apesar das reiteradas manifestacións, reclamacións e chamadas de auxilio emitidas pola comunidade educativa de Miño, esixindo melloras no CPI Castro Baxoi, a Xunta segue sen tomar cartas no asunto para mellorar unha situación que, xa avanzado o curso, pasa a ser crítica. As melloras solicitadas teñen que ver sobre todo coa falta de profesorado, un problema que se ve agravado co continuo crecemento do número de alumnos e alumnas, derivado do incremento exponencial de habitantes que está a ter Miño nos últimos anos. Neste sentido, tamén se alerta sobre a masificación nas aulas, unha situación que non se solucionou cos dous espazos creados este ano.

Coa intención de axudar a mellorar a situación, e nunha clara aposta polo ensino público e de calidade, o Concello reiterou en múltiples ocasións o seu compromiso de ceder os terreos necesarios para ampliar as instalacións educativas.

Centos de persoas concentráronse nas rúas de Miño.

A ANPA liderou a manifestación deste verán.

Pequenas obras no CPI Castro Baxoi e no CEIP de Bemantes

O equipo municipal de obras e mantemento levou a cabo durante o verán diferentes melloras e traballos de acondicionamento no CEIP de Bemantes e no CPI Castro Baxoi. As actuacións realizadas incluíron o pintado e reparación de paredes e teitos, o traslado e montaxe de novo mobiliario, o acondicionamento dos espazos exteriores e, ademais, tamén se actuou fóra dos centros coa limpeza das marquesiñas do transporte público.

Limpeza de marquesiñas.


Pintado e reparación de paredes.

Novo mobiliario.

Novo servizo de atención temperá para nenas e nenas de 0-6 anos

Entrará en funcionamento en 2025 e estará situado na primeira planta do centro social de Leiro

O ano 2025 traerá consigo a posta en marcha dun novo servizo de atención temperá dirixido a nenas e nenos con idades comprendidas entre 0 e 6 anos, un proxecto que beneficiará tamén os municipios de Vilarmaior e Pontedeume. Esta iniciativa, financiada pola Xunta con preto de 250.000 euros divididos en dúas anualidades (2025 e 2026) responde a unha demanda social en aumento e permitirá ofrecer apoio profesional aos menores da zona sen a necesidade de que as familias teñan que desprazarse a servizos similares na cidade da Coruña, como ocorría ata o de agora.

Beneficiará tamén os máis pequenos dos municipios de Vilarmaior e Pontedeume

Este novo servizo implantarase na primeira planta do Centro Social de Leiro, un espazo que será acondicionado especificamente para albergar esta importante prestación social. Contará con equipos especializados en psicoloxía, logopeda e terapia ocupacional, co obxectivo de ofrecer unha atención integral ás nenas e nenos con necesidades especiais no seu desenvolvemento ou con risco de padecelas. A atención temperá esta deseñada para detectar, previr e intervir en posibles trastornos do desenvolvemento infantil a idades temperás, proporcionando aos menores os apoios necesarios para mellorar as súas capacidades e favorecer a súa inclusión social. Este programa contribuirá significativamente a mellorar as oportunidades dos máis pequenos da comarca, brindando atención personalizada nunha contorna próxima e accesible, ademais da posibilidade de conciliar.

O orzamento para as axudas de material e comedor medraron un 140 %

Nos últimos cinco anos, o Concello de Mlño incrementou nun 140 % as axudas que outorga para a compra de material escolar e comedor. Se no 2019 a suma destas axudas estaba nos 12.500 euros, nesta última anualidade acadou os 30.000. O principal obxectivo destas axudas é aliviar un importante gasto para as familias de Miño que dispoñen de menos recursos económicos e que precisan realmente destas subvencións, dándolles aos nenos e nenas destas familias as mesmas oportunidades que ao resto de compañeiros e compañeiras.

Antiga escola unitaria.


Plano da nova escola infantil.

As obras para crear unha escola infantil na unitaria de Xarío comezarán nos próximos meses

Unha vez rematada a fase de licitación, achégase o momento do inicio das obras para construír unha nova escola infantil no edificio que albergaba a antiga escola unitaria de Xarío, en Perbes. O proxecto, valorado en 265.970,05 euros, está financiado a través dunha subvención de fondos Next Generation da Unión Europea e que chegan a través da Xunta de Galicia.

O proxecto está valorado en 265.970,05 euros, financiados a través dos fondos Next Generation

A actuación que se levará a cabo cando se adxudique o proxecto consistirá na reforma e ampliación da antiga escola unitaria de Xarío para a súa adaptación como centro educativo infantil. Isto permitirá incrementar as prazas para nenas e nenos de 0-3 anos en Miño, que pasarán das 76 actuais despois da reforma acometida na Escola Infantil A Ceboliña a 129 prazas.

Manuel Vázquez Faraldo explica que "este é un investimento en benestar social, en calidade e equidade educativa co que damos un paso máis na dotación de servizos para unha poboación que está en constante incremento nun concello que xa supera os 7.000 habitantes dos que unha elevada porcentaxe son familias con nenas e nenos".

"Con este tipo de actuacións transformamos os nosos compromisos en feitos. No ano 2019, cando chegamos ao goberno, había 56 prazas, coa ampliación que fixemos na Ceboliña chegamos ás 76 actuais e, despois desta obra, serán 129", subliña Manuel Vázquez Faraldo.

Máis dun milleiro de asistentes déronse cita na terceira edición da Feira de Cultura EnCaMiño

Preto de 1.200 persoas participaron nun evento cultural en auxe no que este ano se venderon máis dun milleiro de libros.

A Feira de Cultura EnCamiño consolídase como un dos grandes eventos culturais do verán na localidade congregando o pasado mes de xullo a máis dun milleiro de asistentes nas pistas de Rabazal para gozar dunha ampla oferta de actividades dirixidas para todos os públicos.

No evento participaron máis de 90 autores e autoras, ademais de editoriais e librarías. Segundo manifestaron as persoas implicadas no evento, os resultados superaron amplamente as mellores expectativas, o que leva á organización a cualificar esta edición como un "éxito rotundo". Unha das actividades que mellor exemplifica a enorme aceptación popular foi o roteiro poético celebrado o domingo. Os poetas Manuel Rivas, Yolanda Castaño e Sol Mariño recitaron parte da súa obra mentres camiñaban por espazos máxicos de Miño, como, por exemplo, a Senda dos Sentidos, onde se fixeron paradas no camiño para recitar poemas.

En resumo, a III Feira da Cultura EnCaMiño destacou pola notable afluencia de público e polo alto nivel de satisfacción de participantes, escritores, editoriais e público asistente, consolidándose tal e como sinalou a edil de Cultura, Catalina Morado, "como unha cita imprescindible no panorama cultural da comarca que ano a ano segue a medrar."

O evento gozou dunha fantástica participación.

Participantes no roteiro poético.

Coloquio literario.

Concerto nas pistas de Rabazal.

Homenaxe a Francisco Vales Villamarín

Ponte do Porco acolleu un acto para lembrar a transcendencia do cronista na comarca

Manuel Vázquez Faraldo participou no acto, organizado polo Concello de Paderne para lembrar a figura e a transcendencia que tivo Francisco Vales Villamarín como cronista da comarca, aproveitando o 41 aniversario da instalación do seu monólito en Ponte do Porco.

Ademais desta homenaxe tamén se remodelou o xardín-miradoiro que leva o seu nome. A actuación consistiu na limpeza e restauración do monólito, o reafirmado da superficie da praza e a colocación de bancos e valado.

Panel informativo.

Acto institucional.

O Descenso de Carrilanas estréase con éxito nas festas de Bañobre

Momento da proba.

Os bólidos máis singulares rodaron a toda velocidade este ano por primeira vez en Bañobre durante o Descenso de Carrilanas, organizado pola comisión de festas de Bañobre.

A música electrónica marcou o ritmo dos solpores de verán

A Praia Grande converteu-se este verán no escenario perfecto para despedir os días estivais coa iniciativa Solpores de Verán, que conseguiu facer da posta de sol un espectáculo inesquecible. Este novo proxecto contou cunha selección musical de alto nivel que amenizou varios domingos de xullo e agosto. O DJ Hanuman (El Mono) puxo ritmo ás xornadas, facendo vibrar os asistentes que se achegaron ao areal para gozar dunha experiencia única.


Unha das sesións na Praia Grande.

Seis días de festa e actividades para honrar a San Pedro

Cucaña.

Miño celebrou as súas festas patronais con numerosas propostas. Durante as seis xornadas de festa púidose gozar das mellores orquestras, grupos locais, actividades infantís ou a tradicional cucaña.

Novos centenarios en Bra e Sombreu

O alcalde e a edil de Servizos Sociais fixéronlles un agasallo para conmemorar os seus cen anos de vida

Neste último ano, os veciños de Bra e Sombreu, María del Carmen Porca Valiño e José Bañobre Cabana, respectivamente, conmemoraron un fito que cada vez é menos extraordinario na localidade: o seu centenario.

Para festexar esta ocasión tan especial, o alcalde, acompañado da concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello, realizaron unha visita a ambos os novos centenarios. Durante os encontros, fíxoselles entrega dun agasallo institucional como mostra de recoñecemento e aprecio polos seus 100 anos de vida, unha cifra que reflicte toda unha historia de experiencias e sabedoría.

O acto estivo marcado pola emotividade e a gratitude, destacando o valor de preservar e honrar a memoria viva que representan os nosos maiores. Desde o Concello, transmitíuselles tanto a María del Carmen como a José.

Neste contexto, o alcalde resaltou a importancia de manter un vínculo estreito cos veciños de maior idade, xa que representan unha parte fundamental do tecido social e cultural de Miño.

Agasallo a Carmen Porca Valiño.


O alcalde e a edil con José Bañobre Cabana e os seus familiares.

Jesús Cintora presentou o seu novo libro no centro social A Rúa

Jesús Cintora e Faraldo.

O recoñecido xornalista e escritor Jesús Cintora estivo en Miño para participar nun evento que combinou cultura e reflexión. Durante o acto, ofreceu unha conferencia sobre os retos do xornalismo na actualidade e presentou o seu último libro, El Precio de la Verdad. As persoas asistentes puideron levar os seus exemplares asinados.

A veciñanza puido descubrir o legado romano de Lugo

O Concello organizou no pasado mes de setembro unha viaxe a Lugo onde a veciñanza maior de 55 anos tivo a ocasión de coñecer os segredos que agocha a capital lucense, unha das urbes que conserva un maior patrimonio da época romana no territorio nacional.

Durante a xornada as persoas participantes visitaron o castro de Viladonga, un xacemento galaico-romano situado no municipio limítrofe de Castro de Rei no que se rexistraron asentamentos entre os séculos I e V. Durante a xornada tamén tiveron a ocasión de realizar un paseo polo núcleo histórico da cidade das murallas e mesmo degustar un xantar típico da localidade.

Imaxe da viaxe a Lugo.

Aposta pola dinamización da lectura infantil cos 'ContaXoves'

Sesión do Contaxoves.

A biblioteca municipal Concepción Arenal de Miño puxo en marcha a iniciativa 'ContaXoves' coa que as nenas e nenos de entre 5 e 8 anos da localidade puideron gozar desde o mes de outubro de lecturas, obradoiros e demais actividades coas que se buscou promover e incentivar o seu interese pola lectura dun xeito lúdico.

Miño celebra o Nadal cun amplo catálogo de actividades pensado para todas as idades

O Concello presenta unha variada oferta de actividades

Miño celebrará as festas do Nadal baixo o lema "Nadal en Miño 2024-2025" cunha programación que abarca actividades culturais, deportivas e turísticas para toda a familia.

Entre os eventos destacados están "Contaxoves" o 12 de decembro, o "Poboado de Nadal" o 22 de decembro na Rúa, e talleres infantís como "Descubrindo a dobraxe".

No ámbito deportivo, haberá un torneo de fútbol sala categoría "Biberón" e unha exhibición de ximnasia rítmica o 14 de decembro, ademais de xornadas multideporte entre decembro e xaneiro.

O 21 de decembro organízase unha excursión ás luces de Nadal de Vigo e unha sesión de patinaxe en Narón para mozas e mozos o 14 de decembro.

A Asociación Xuntos As Mariñas levará a cabo o "Mercado de Nadal Huellitas Miño", mentres que a A.C.R.D. O Castro ofrecerá concertos de panxoliñas e cantos de aguinaldo.

As festividades culminarán o 5 de xaneiro coa Cabalgata de Reis, visitas ás localidades e unha gran recepción no pavillón municipal.

O Concello concede 40 subvencións a entidades culturais e deportivas que desenvolven a súa actividade no municipio

O Concello concedeu este ano 40 subvencións a entidades sen ánimo de lucro, de carácter cultural e deportivo, (19 no eido cultural e 21 no ámbito deportivo) da bolsa de axudas que concede co obxectivo de axudalas a levar a cabo proxectos ou actividades socioculturais e deportivas e poder complementar así a oferta municipal.

As subvencións poden cubrir ata un 80 % do orzamento total dos proxectos presentados, cun límite de 4.000 euros por entidade. Consideráronse tanto actividades culturais (programas educativos, iniciativas de igualdade ou eventos artísticos) como deportivas (competicións, cursos ou mellora de infraestruturas).

"A través desta liña de axudas queremos impulsar o desenvolvemento cultural e deportivo da nosa comunidade, apoiando iniciativas que contribúan ao benestar e a cohesión social do municipio", explica Faraldo.

Involucrando a sociedade fronte ás violencias machistas

"Todas e todos contra a violencia. Fronte á violencia, palabras", foi o lema escollido para o 25N

Apesar de que a loita contra as violencias machistas é unha constante durante todo o ano, o Concello de Miño aproveitou o 25N para lanzar unha campaña baixo o lema 'Todas e todos contra a violencia. Fronte á violencia, palabras", que buscaba concienciar a cidadanía e fomentar a implicación de todas as persoas na loita contra esta lacra.

A programación de actividades, deseñada para chegar a todas as idades, comezou o propio 25 de novembro, co obradoiro 'Maniféstate', onde se crearon diferentes pancartas en rexeitamento ás violencias machistas. Unhas pancartas que logo foron usadas durante a lectura do manifesto contra a violencia machista, reafirmando así o compromiso do Concello e de toda a comunidade.

O programa rematou o 28 de novembro coa celebración de mesas de coordinación institucional nas que se traballou en estratexias conxuntas para facer fronte a esta lacra da sociedade. Ademais, a biblioteca ofreceu unha selección de lecturas co obxectivo de educar en igualdade.

Obradoiros pola igualdade na biblioteca municipal.

A rapazada amosa orgullosa as súas creacións.

Literatura terrorífica na Fraga do Xarío polo Halloween

Unha das paradas da ruta na Fraga do Xarío.

Unha das actividades estrela este ano do Halloween de Costa Miño foi, sen ninguna dúbida, a ruta terrorífico-literaria pola Fraga do Xarío. A rapazada miñense que participou puxo seu disfrace máis aterrador e agarrou forte a lanterna para escoitar historias de medo da man da escritora Fátima Elías, que puxo o toque aterrador a unha actividade que foi un éxito rotundo.

Roteiros para identificar e colleitar cogomelos

Dentro do programa de obradoiros culturais deseñáronse unhas xornadas micolóxicas co obxectivo de fomentar o coñecemento e a recolección de cogomelos. A primeira foi o 19 de outubro e a segunda o 30 de novembro. A actividade incluíu un roteiro guiado no que as persoas asistentes aprenderon a identificar e colleitar diferentes especies de cogomelos. Ao finalizar as saídas celebráronse xantares no local social da Ponte do Porco. nos que cada persoa participante aportou a súa comida.

Traballo de identificación de cogomelos.

Miño enxalza os logros dos seus deportistas

O evento celebrouse o 29 de novembro no local social da Rúa e puxo en valor os méritos dos e das deportistas.

O venres 29 de novembro, o Concello de Miño celebrou a III edición da gala dos Premios do Deporte no Auditorio do local social da Rúa. A cerimonia destacou o talento, a dedicación e os valores de deportistas e entidades que deixaron pegada no municipio durante o último ano. Ademais, Manuel Vázquez Faraldo anunciou que o pavillón municipal pasará chamarse Pavillón Juan Tenreiro, en honra á figura do deporte miñense.

A continuación, preséntase un repaso aos galardoados e galardoadas nesta terceira gala dos Premios do Deporte.

Mellor Deportista Feminina:
Candela Cabana Pena

Mellor Deportista Masculino:
Juan Vázquez Amado

Mellor Equipo Feminino:
Equipo de Kaiak de Mar do Club Náutico de Miño

Mellor Equipo Masculino:
Prebenxamín A da AD Miño

Premio á Traxectoria:
Sechu López

Mellor Adestrador:
Mario Pérez Hernández

Premio á Deportividade e Valores Deportivos:
AD Miño - Partido benéfico

Mellor Evento Deportivo:
Torneo de Fútbol sala de Verán

Mellor Club:
Asociación Deportiva Miño

Deportista Promesa:
Sofía Iglesias Blanco

Mención Especial:
Nerea Domínguez Pendolero

Mención Especial:
Breixo Fernández Shepard

Mención Especial:
Fundadores da Asociación Deportiva Miño

Recoñecemento ao equipo prebenxamín A da AD Miño.

Non faltou a ambientación musical.

Foto de todos os premiados e premiadas na gala.

O IV Trail Concello de Miño congregou 278 deportistas e apoiou unha iniciativa benéfica

O evento volveu contar coa colaboración de 'querENDO,mulleres con endometriose'

O IV Trail Concello de Miño 'Boucelo San Ramón' foi todo un éxito. Un total de 278 persoas, sumando as inscritas nas tres modalidades, participaron nesta proba, organizada polo Concello de Miño e o Club Trail Running Galea Sport, coa colaboración da Federación Galega de Atletismo.

Manuel Vázquez Faraldo e o concelleiro de Deportes, José Manuel Pantín, entregaron os trofeos aos deportistas no pavillón municipal, onde César Rodríguez Ventureira e Helena Peñas foron o vencedor e vencedora da proba. César Rodríguez Ventureira e María López Serantes gañaron en categoría máster; e Jorge González López e Helena Peñas, en categoría sénior. Ademais, houbo un trofeo para o primeiro deportista miñense, Gonzalo Losada Ortiz.

Este ano, a asociación 'querENDO, mulleres con endometriose' volveu formar parte desta carreira co obxectivo de visibilizar esta doenza que padecen máis de 60.000 mulleres galegas. Realizáronse actividades dentro da campaña 'Trail Miño 2024 pola endometriose'. Ademais, na meta instalouse un punto de información e a recadación do dorsal 0 foi integramente doada a querENDO.

Saída do IV Trail Concello de Miño 'Boucelo San Ramón'.

O deporte de moda chega a Miño: o pickleball

Foto da entrega de premios.

A veciñanza puido probar, no polideportivo municipal o novo deporte de moda: o pickleball.

Un bo número de pequenos e maiores achegáronse para gozar desta innovadora disciplina deportiva que mestura tenis, pádel, bádminton e tenis de mesa.

A actividade contou, na súa organización, coa colaboración do Concello.

A Praia Grande foi escenario da V Regata de Kaiak de Mar "Memorial Agustín Riveira"

Miño foi testemuña da V Regata de Kaiak de Mar, unha competición que forma parte da Liga Galega e do Campionato Galego de Kaiak de Mar e que contou coa organización do CDN Miño. Este evento deportivo, que cumpre a súa quinta edición, foi ademais homenaxe á figura de Agustín Riveira

A regata reuniu a algúns dos mellores padexeiros de Galicia, que competiron na incomparable contorna da Praia Grande miñense.

Este espazo natural foi punto de encontro para afeccionados e participantes que desfrutaron dunha xornada deportiva única.

Manuel Vázquez Faraldo, e o concelleiro de Deportes, José Manuel Pantín, participaron na entrega de medallas.

Entrega de premios da V Regata Kaiak de Mar - Concello de Miño 'Memorial Agustín Riveira'.

"Temos que buscar a forma de que a xente nova se integre máis"

A A.V. de Santa María de Castro é unha das tantas asociacións vitais para o desenvolvemento sociocultural de Miño. Actualmente conta con arredor de 70 socios e as súas principais funcións son a programación de actividades e ser o altofalante da veciñanza.

Ramón Castillos

Membro da directiva da Asociación de Veciños de Santa María de Castro.

Directiva da Asociación de Veciños de Santa María de Castro.

Como se organiza a vosa asociación e como estades realizando as tarefas e actividades que organizades?

Actualmente somos 8 na directiva, e somos os que levamos a cabo todo o que facemos. Entre todos compaxinámonos para sacar adiante os proxectos.

E dedicarlle tempo á asociación implica sacalo da vida persoal.

Por suposto. Ademais que é unha asociación sen ánimo de lucro. Imos tirando adiante coa axuda que nos dá o Concello e, por suposto, os nosos socios. Non nos dá para facer todas as cousas que queremos, pero facemos todo o que podemos.

De que tipo son as actividades que desenvolvedes?

Facemos unha excursión ao ano; dedicámonos á limpeza do cemiterio para descargar os veciños; facemos diferentes comidas en datas especiais como o verán ou no Entroido. Cousas así.

Intentar dinamizar a vida da parroquia, en definitiva.

Si. Miramos tamén as cousas que fan falla nas diferentes aldeas e núcleos e comunicámosllo ao Concello.

Ser o altofalante da veciñanza da parroquia no Concello, non?

Efectivamente.

Como é o tipo de público nesas actividades que comentas? Ademais dos socios pode acudir calquera outro veciño?

Si, por suposto. Están abertas a todo o mundo. Dependendo da actividade ou da época do ano, o número de xente vai variando. A nivel perfís, temos un pouco de todo. Temos xente maior, xente nova... Aínda que si é certo que a xente maior participa máis. De todos xeitos, tratamos de ir compaxinando actividades para todo o mundo. Estamos moi contentos coa resposta da veciñanza.

Cal é o voso papel no tecido asociativo do municipio? Entendo que o de combinar esa dinamización social con ser o punto de referencia da veciñanza.

Os veciños acoden a nós para dar avisos de deficiencias en camiños ou en infraestruturas. E o noso papel é trasladar as súas demandas e mantelos informados da súa situación.

Iso require tempo e paciencia.

Si, pero alguén ten que facelo. Se ninguén o fixese acabaríase a asociación. Temos que buscar a forma de que a xente nova se integre máis, non só nas actividades, tamén na directiva da asociación.

Como é a vosa relación co Concello?

Estamos moi contentos. Todo o que imos pedindo vánnolo concedendo. Tamén entendemos que non se pode abusar e imos pouco a pouco reclamando melloras, unhas melloras que se van cumprindo. Ademais, sentímonos escoitados polo equipo de goberno.

Como enfocades o futuro a curto e medio prazo?

Un pouco o que falabamos. Por unha banda manter todo o que temos ata agora e mirar de ampliar o catálogo de actividades. Estamos traballando en incluír ximnasia ou aerobic, o que se vaia podendo e a xente nos demanda. O importante é que a asociación vaia adiante como ata agora. Ademais, estamos abertos a propostas para ampliar o catálogo de actividades, que, ao fin e ao cabo, son para os veciños e veciñas.

O POBO DE MIÑO AMOSA A SÚA CARA MÁIS SOLIDARIA

O Concello, grazas a toda a veciñanza que quixo colaborar cos afectados da DINA de outubro, logrou recoller 26,5 metros cúbicos de produtos

Apenas uns días despois da catástrofe da DINA producida na Comunidade Valenciana, o Concello de Miño púxose mans á obra para axudar en todo o posible ás persoas afectadas.

Deste xeito, fixo un chamamento á veciñanza para enviar todo tipo de produtos básicos ás persoas afectadas. En total, o Concello de Miño, a través da solidariedade dos seus veciños e veciñas, recolleu un total de 26,5 metros cúbicos de produtos para enviar ás persoas afectadas pola DINA: 7 palés e medio de auga (4.000 litros); 4 palés de leite (2.500 litros); 4 palés de cueiros e papel hixiénico; un pallet de lixivia (700 litros); 5 palés de alimentos (3.500 kg); 2 palés de produtos de hixiene persoal (900 kg); e 4 caixas de comida para animais.

Todo isto non sería posible sen todas as persoas que doaron e/ou foron voluntarias para axilizar a recollida e o transporte ao almacén municipal, os establecementos colaboradores e tamén os traballadores do Concello.

Así, o 28 de novembro, seguindo as indicacións da Federación Valenciana de Municipios e Provincias, saíu cara a Valencia o camión con todos os produtos recollidos.

Ademais desta gran recollida na que o pobo miñense amosou a súa cara máis solidaria, gardouse un minuto de silencio no pleno municipal, e varios policías locais desprazáronse a Valencia para colaborar.